




**BASES PARA O  
XXIV CERTAME LITERARIO  
DO EXCMO. CONCELLO  
DE VILALBA**



---

**Vilalba, 1.998**

---

PRIMEIRA.-

Premio Excmo. Concello de Vilalba, dotado con 500.000 pesetas e diploma ó mellor traballo inédito de narrativa, en lingua galega.

SEGUNDA.-

Premio Excmo. Concello de Vilalba, dotado con 150.000 pesetas, diploma e flor natural ó mellor poema inédito escrito en lingua galega, de metro libre.

TERCEIRA.-

Poderán concorrer tódolos autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que presenten as súas obras en lingua galega.

CUARTA.-

Os autores e autoras gozarán de absoluta liberdade, tanto no tema coma na extensión dos traballos.

QUINTA.-

As obras en narrativa poderán ser indistintamente: novelas, contos ou relatos. Cada autor ou autora poderá presentar tantos traballos como dexese.

SEXTA.-

Os orixinais presentaranse mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara, en papel tipo folio. Por cada obra enviaráanse cinco copias.

SÉTIMA.-

Tódolos traballos han presentarse acompañados dun sobre pechado ou plica facendo consta-lo tema que distinga o traballo e a Base á que concorren. No interior figurarán os datos persoais, enderezo e teléfono do autor ou autora.

OITAVA.-

Tódolos traballos que concorran ó Certame Literario serán dirixidos ó Concello de Vilalba, facendo constar no exterior do sobre "Para o Certame Literario" e a Base á que concorren.

NOVENA.-

O prazo de admisión de traballos rematará ás 12 horas do día 17 de xullo de 1.998.

DÉCIMA.-

Polo feito de participar no Certame, os autores aceptarán o dictame do Xurado, que será inapelable. Este Xurado estará composto por persoas de recoñecida competencia nas materias ás que se refiren as presentes Bases. A súa composición ha ser dada a coñecer xunto coa emisión do resultado.

DÉCIMO PRIMEIRA.-

O dictame do Xurado darase a coñecer o día 23 de agosto de mil novecentos noventa e oito, a través dos distintos medios de comunicación. A entrega de premios efectuarase nun magno acto que terá lugar en Vilalba o día 30 de agosto, coincidindo co comezo das festas de San Ramón e Santa María de 1.998 e, de ser posible, asistirán os autores premiados ou persoa que os represente.